

### III. OUTRAS DISPOSICIÓNS

#### CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA

*Corrección de erros.-Resolución do 19 de novembro de 2009, da Secretaría Xeral para o Deporte, pola que se conceden subvencións a concellos ao abeiro da Resolución do 30 de xullo de 2009 pola que se aproban as bases reguladoras para a concesión de subvencións a concellos de Galicia, en réxime de concorrencia competitiva, para a realización de obras de construción, mellora, acondicionamento e reforma de instalacións e espazos deportivos e para a adquisición de equipamentos deportivos e pola que se convocan as correspondentes ao ano 2009.*

Advertidos erros por omisión na citada resolución, publicada no *Diario Oficial de Galicia* nº 231, do 25 de novembro de 2009, é necesario facer as seguintes correccións:

Na páxina 18.222, no punto 2 da resolución, na primeira listaxe que se refire aos solicitantes excluídos en relación coas obras, é necesario engadir os seguintes concellos e as causas de exclusión:

Concello	Provincia	Causa de exclusión
Barbadás	Ou	Fóra de prazo (artigo 8º)
Barco de Valdeorras, O	Ou	Excede orzamento máximo (artigo 6º)
Porqueira, A	Ou	Excede orzamento máximo (artigo 6º)
Taboadela	Ou	Fóra de prazo (artigo 8º)
Veiga, A	Ou	Excede orzamento máximo (artigo 6º)

Na páxina 18.222, no punto do 2 da resolución, na segunda listaxe que se refire aos solicitantes excluídos en relación cos equipamentos, é necesario engadir o seguinte concello e a causa de exclusión.

Concello	Provincia	Causa de exclusión
Taboadela	Ou	Fóra de prazo (artigo 8º)
Vilardevós	Ou	Actuación non subvencionable (artigo 2º)

#### CONSELLERÍA DE FACENDA

*Corrección de erros.-Resolución do 2 de decembro de 2009, da Dirección Xeral da Función Pública, pola que se anuncia a exposición das listaxes definitivas de axudas aprobadas e denegadas do Fondo de Acción Social do exercicio 2008 para o persoal ao servizo da Administración da Xunta de Galicia.*

Advertidos erros no anexo da resolución, publicada no *Diario Oficial de Galicia* número 240, do 10

de decembro é necesario facer as seguintes correccións:

Na columna Aprobadas do anexo debe dicir:

«2. Discapacitados: 775».

Na columna Denegadas do anexo debe dicir:

«2. Discapacitados: 256».

Na columna Importe euros do anexo debe dicir:

«2. Discapacitados	1.136.355,40 €
3. Fillos menores	1.817.698,72 €
4. Est. por fillos	2.030.490,00 €
5. Est. traballador	376.500,00 €
6. Vivenda	719.029,21 €
7. Maiores a cargo	743.135,82 €».

Así mesmo, na páxina web da Dirección Xeral da Función Pública <http://www.xunta.es/dxpf/fas.htm> que se remite o punto segundo da resolución, detectáronse erros nos importes pendentes de pagamento nas axudas por discapacitados, fillos menores, estudos de fillos, estudos do traballador, vivenda e maiores a cargo. Os ditos erros foron corrixidos e publicados ás 19.30 horas do día 10 de decembro de 2009.

#### CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS

*Resolución do 9 de decembro de 2009 pola que se dá publicidade ao acordo do tribunal encargado de avaliar as probas para a obtención e renovación do certificado de conselleiro de seguridade para o transporte de mercadorías perigosas por estrada e por ferrocarril, convocadas mediante Resolución do 16 de febreiro de 2009 (Diario Oficial de Galicia número 46, do 6 de marzo), mediante o que se declaran definitivas as relacións provisionais de aprobados.*

Publicadas o 24 de novembro de 2009 as relacións provisionais de aprobados correspondentes ás probas de obtención e renovación do certificado de conselleiro de seguridade para o transporte de mercadorías perigosas por estrada e por ferrocarril, convocadas mediante Resolución do 16 de febreiro de 2009, transcorrido o prazo establecido para presentar as correspondentes reclamacións e unha vez examinadas, este tribunal

#### ACORDA:

Primeiro.-Declarar definitivas as relacións provisionais de aprobados.

Segundo.-Expoñer as ditas relacións nos lugares establecidos para o efecto na resolución da convocatoria.